



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE DECEMBRO DE 2018

### **FAVORABLES.-**

**LAP/489/2017.- AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.-** Conceder licenza de obras de ampliación de nave destinada a almacén no lugar de Barcia, 56.

**LIC/550/2017.- JOSÉ MIGUEL BEIRO CAAMAÑO.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación de edificio con destino a vivenda unifamiliar en Calzada do Carme de Abaixo nº 15.

**LIC/164/2017.- FINANCIERA MADERERA, S.A.-** Rectificar erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/12/2017 de concesión de licenza de obras para construción dun novo edificio de vestiarios no lugar de Formarís, 60.

### **DESFAVORABLE.-**

**LAP/66/2016.- MANUELA VIEITES ALVITE.-** Incoar procedemento de declaración de nulidade presentado por D. José Manuel Nieto Calviño e D. José Pereira Aldrey con data de 20/07/2016 contra o informe xurídico de data 09/04/2016 e oficio de funcionamento de data 21/06/2016 e dar trámite de audiencia aos interesados durante un prazo de dez días, contra a autorización de uso de café-bar do local sito na Travesa do Franco, 3.

### **SEGREGACION.-**

**LIC/1037/2018.- ELÍAS NEIRA RIAL.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para agrupación e segregación de parcelas en rúa Camiño dos Vilares.

**LIC/958/2018.- JOSÉ LUIS BEIROA BARROS.-** Estimar a petición de modificación dos lindes oeste da parcela de resultado 56 A e o linde norte da parcela de resultado 56 C resultado da segregación da parcela sita no lugar de Portela de Villestro.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de ampliación de nave destinada a almacén no lugar de Barcia, 56. LAP/489/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación de edificio con destino a vivenda unifamiliar en Calzada do Carme de Abaixo nº 15. LIC/550/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación do erro material no acordo da sesión de data 22/12/2017, de concesión de licenza de obras para construción dun novo edificio de vestiarios no lugar de Formarís, 60. LIC/164/2017. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á incoación do procedemento de declaración de nulidade presentado contra o informe xurídico de data 09/04/2016 e oficio de funcionamento de data 21/06/2016; e dar trámite de audiencia aos interesados durante un prazo de dez días, contra a autorización de uso de café-bar do local sito na Travesa do Franco, 3. LAP/66/2016. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para agrupación e segregación de parcelas na rúa Camiño dos Vilares. LIC/1037/2018. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á estimación da petición de modificación dos lindes oeste da parcela de resultado 56 A e o linde norte da parcela de resultado 56 C resultado da segregación da parcela sita no lugar de Portela de Villestro. LIC/958/2018. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de TUSSA da cesión da parcela municipal 223, que forma parte do SUP-4, durante vinte anos para depósito de vehículos de longa duración. Acórdase adscribir temporalmente a citada parcela, situada na avenida do Cruceiro da Coruña e cunha superficie de 21.422 m<sup>2</sup>, á empresa municipal Tussa para depósito de vehículos a longo prazo retirados polo servizo de guindastre do Concello.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude do Consello regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia, de ampliación do prazo para solicitar licenza de edificación establecido na concesión demanial de 6.4.18. Acórdase ampliar en tres meses o prazo para solicitar licenza de edificación, que inicialmente remataba o próximo 28 de decembro.**

**11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á recepción das obras de repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre as Avdas. Rosalía de Castro e Romero Donallo; e nomeamento de representante da administración. Apróbase a proposta.**

**12.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 2 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Recadación. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro que queda fixado en 744,15 euros.**

**13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 3 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Servizos básicos).** Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro que queda fixado en 614,43 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 7 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte.** Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro que queda fixado en 710,04 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 8 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte.** Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro que queda fixado en 800,39 euros.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Atención ao Cidadá.** Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro que queda fixado en 719,41 euros.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato de "Servizo de conservación, reparación e pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela".** Apróbase a proposta.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída no contrato de "Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014".** Apróbase a proposta.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á eliminación de descontos nas baixas por incapacidade temporal.** Acórdase garantir ao persoal funcionario e laboral do Concello de Santiago durante as baixas por incapacidade temporal a percepción da totalidade das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da situación.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa ao recoñecemento de obrigas do XI premio internacional Compostela de Álbums Ilustrados.** Apróbase a proposta.

**21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de instalación de cuberta portante**

**para a área de xogo infantil de Fontiñas.** Apróbbase a proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 137.939,87 euros e un prazo de execución de 75 días naturais.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de reparación do muro entre as rúas París-Luxemburgo.** Apróbbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 323.037 euros e un prazo de execución de catro meses.

**23.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de reparación da cuberta dos vestiarios do campo de fútbol de Santa Isabel.** Apróbbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 187.690 euros e un prazo de execución de tres meses.

**24.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á xustificación das subvencións concedidas mediante convocatoria en concorrencia competitiva para ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro ano 2018.** Apróbanse as xustificacións presentadas, por un importe total de 81.958,67 euros.

**25.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Apróbbase a proposta.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do proxecto modificado das "Obras de instalación de electricidade para campo deportivo e vestiarios no campo de fútbol de Lamas de Abade" (Campo de Paz Nogueira), e a súa adxudicación.** Apróbbase o proxecto modificado das obras de instalación de electricidade para o campo deportivo e vestiario no campo de fútbol de Lamas de Abade e a súa adxudicación á empresa Ferrovial Servicios, contratista da obra principal. O modificado non supón un incremento orzamentario nin ampliación do prazo inicialmente previsto para as obras.

**28.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia, o SERGAS e a FEGAMP para programas de atención e protección da saúde.** Dase conta.

**29.- Xustificación de diversos convenios de subvencións nominativas.** Apróbbase a proposta.

**30.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución da convocatoria de subvencións de cooperación ao desenvolvemento ano 2018.** Apróbbase a resolución da convocatoria de subvencións por un importe total de 118.544,77 euros e coas seguintes entidades beneficiarias:

- \_Fundación Vicente Ferrer: 20.000 euros
- \_Solidariedade Internacional en Galicia: 20.000 euros
- \_Amigos da Terra: 19.975 euros
- \_Asemblea de Cooperación pola Paz: 20.000 euros
- \_Manos Unidas: 20.000 euros
- \_Agareso: 18.569,77 euros

**31.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio entre o Concello e a Cámara de Comercio de Santiago para 2018.** Dase conta

**32.- Aprobación do proxecto do orzamento 2019, bases de execución e cadro de Persoal.**  
Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Deportiva HERMES.** Dáse conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 8.500.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativo ao desestímulo no procedemento ordinario 151/2009 promovido polo Concello perante o Xulgado de primeira instancia nº3 de Santiago.** Dáse conta

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a construción de 41 vivendas, 10 locais, 91 prazas de garaxe e 41 rochos na rúa Manuel Ceruelo 4 (SUNP 14).** Apróbase a concesión da citada licenza a Construcciones Ruafer SA.

**4.--Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a construción de edificio para 52 vivendas, locais comerciais, 112 prazas de garaxe e 52 rochos na rúa Manuel Ceruelo 8 (SUNP 14).** Apróbase a concesión da citada licenza a Construcciones Ruafer SA.

**5.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación “Acondicionamento exterior do Castelo da Rocha” a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación perante a Autoridade Xestión do Programa Operativo Plurirrexional de España (Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda).** Acórdase a selección da operación, cun orzamento previsto de 366.655,60 euros, dos que 293.332,48 procederían de fondos europeos da EDUSI.

**6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á transmisión por sucesión universal do contrato de prestación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión XIESS de Servizos Sociais, suscrito con TecnoCom Telecomunicaciones y Energía SA, a favor de INDRA Soluciones Tecnoloxías de la Información SLU.** Apróbase a proposta

**7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática para toma de coñecemento das bases reguladoras da concesión de subvención directa ao Concello de SANTIAGO para a intervención de restauración e mellora do itinerario fluvial “De ponte a ponte polo río Sarela” no exercicio 2018.** Dase conta

**8.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao alleamento da participación municipal do 19,88 por cento da parcela R-7 do SUP-2 Polígono 2 de Cornes.** Acórdase o alleamento, mediante o procedemento de venda

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:  
prensa@santiagodecompostela.org

directa a Metrovacesa SA, da participación municipal do 19.88 por cento da parcela R-7 do SUP-2 Polígono 2 de Cornes polo prezo de 502.042,10 euros, IVE incluído.

**9.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do alugueiro do local n.º 10 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a Oficinas Municipais (Rexistro Xeral).** Acórdase a prórroga do contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos pola liquidación definitiva das obras de construción do centro cívico do Romaño-Vista Alegre e aprobación de indemnización substitutiva en favor da empresa Francisco Gómez y Cía SL por importe de 32.937,91 euros.** Apróbase a proposta

**11.-Recoñecemento extraxudicial de créditos.** Apróbase a proposta.

**12.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do modificado do proxecto de construción, remodelación e mellora ao acceso do Polígono do Tambre.** Apróbase o modificado do proxecto cun orzamento máximo de licitación de 241.879,05 euros, e un prazo de execución de tres meses.

**13.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE4 e Reurbanización da rúa Altiboia Fase I-Aparcadoiro.** Apróbase o proxecto cun orzamento máximo de licitación de 190.757,95 euros e un prazo de execución de cinco meses.

**14.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de arranxo de dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa RICARSAT SL por un importe de 39.748,5 euros, IVE incluído.

**15.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, relativa á aprobación do proxecto básico e de execución das obras de urbanización e mellora medioambiental do polígono do Tambre, a executar a través do obradoiro de emprego “CREAS”.** Apróbase a proposta.

**16.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á autorización para a paralización temporal parcial das obras de accesibilidade de Fontilñas. Orzamentos Participativos Compostela Decide 2017.** Acórdase autorizar a paralización temporal parcial das obras de accesibilidade en Fontiñas en espera de condicións climatolóxicas favorables para a súa finalización.